

## ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE DATA 24 de xullo de 2008

Sendo as doce horas do día 24 de xullo de 2008, na Sala de Xuntas da Concellaría de Persoal reúnese a Mesa de Negociación do Excmo. Concello da Coruña, asistindo esta

Por parte da Administración Municipal

- Dña Obdulia Taboadela Álvarez, que preside a sesión
- D. Juan Manuel Díaz Villoslada, Director de Servizos Xerais, Facenda e Interior
- Dña Loreto Díaz Sánchez, Xefe de Servizo de Persoal
- Dña Lorena Abad Carrera, Xefe de Departamento de Xestión de Recursos Humanos, que actúa como secretaria

Por parte das seccións sindicais comparece

Como representantes sindicais

- Dña Marina Lorenzo Fernández (CC.OO)
- D. Roberto Tizón Miguens (CIG)
- D. Manuel Aceña Liste (CSI-CSIF)
- D. José Ángel Varela Moure (UGT)

Como asesores

- D. Susana Álvarez Fernández (CC.OO)
- D. Javier Hermida Gayubas (CIG)
- D. Andrés Otero Cerveró (CSI-CSIF)
- D. Manuel López Roibas (UGT)

A orde do día da presente mesa é o seguinte:

- 1º Aprobación da actas de sesións anteriores
- 2º Sistema de traballo da Policía Local.
- 3º Bases do concurso de provisión de postos de traballo
- 4º Rogos e preguntas

En relación ao primeiro punto da orde do día relativo á aprobación de actas das sesións anteriores, acórdase remitir aos representantes sindicais por correo electrónico as actas das sesións celebradas os días 12 de xuño e 3 e 10 de xullo para a súa revisión e posterior sinatura. Así mesmo, por parte da secretaria da Mesa revisárase a acta da sesión do 22 de maio en relación aos asistentes e o tema da produtividade.

En primeiro lugar, intervén D. Manuel Aceña quen, en relación ao abono das lapelas, concretamente da detracción realizada no primeiro abono no mes de maio, solicita que antes de proceder ao abono das devanditas cantidades, se mostre aos representantes sindicais os devanditos cálculos. Dña Loreto Díaz proponlle unha reunión, que se podería celebrar o día 31 de xullo ás 13:00 horas para estudar este tema.

Seguidamente pásase ao seguinte punto da orde do día relativo ao novo sistema de traballo da Policía Local. D. Juan Manuel Díaz Villoslada solicita que se expoña a situación e o resultado da Asemblea de Policía Local celebrada no día de onte, á cal se levou o último documento da Mesa Técnica que é a do 21 de xullo.

- CSI-CSIF: D. Manuel Aceña explica que a resposta da asemblea foi un si condicionado a unha serie de modificacións que hai que introducir no documento xeral. Manifesta que a xente ten moitas dúbidas e que non ten o documento claro. Segue expoñendo que existen unha serie de distorsións e que por exemplo, o grupo de noite se atopa discriminado con respecto a quendas de día. O factor corrector da nocturnidade non

lles compensa en relación coas vantaxes que se lles deu aos da quenda de día. Este factor ten que compensar ben o que supón traballar pola noite.

D. Juan Manuel Díaz Villoslada reitera a necesidade de saber cal é a conclusión da Asemblea celebrada no día de onte. D. Andrés Otero contesta que é un si condicionado a que se siga traballando no documento. D. Manuel Aceña manifesta que o documento presentado na asemblea é o documento que se achega agora na mesa e que se achega á presente acta. D. Juan Manuel Díaz Villoslada contéstalle que o documento que asume o goberno municipal e que se presentou á Asemblea é o da Mesa Técnica celebrada o día 21 de xullo e que neste momento se achega á presente acta.

Presentados ambos os dous documentos, D. Juan Manuel Díaz Villoslada expón que o novo documento presentado pola CSI-CSIF debe ser analizado xunto co Director de Seguridade Cidadá. Dña Obdulia Taboadela pregunta se o novo documento debe ser de novo ratificado pola Asemblea. D. Manuel Aceña contesta que si, que teñen ese compromiso. Dáse traslado do novo documento da CSI-CSIF aos demais representantes sindicais para o seu estudo. Por parte de UGT, D. Jose Angel Varela Moure protesta, expoñendo que o lugar para presentar propostas e modificacións é a Mesa Técnica da Policía Local.

Dña Obdulia Taboadela propón a celebración dunha mesa técnica con carácter previo a outra mesa de negociación ao obxecto de estudar este tema o antes posible ao obxecto de poder arranxar o documento e aprobalo nun tempo razoable.

Sendo as 13:15, retírase da mesa D. Juan Manuel Díaz Villoslada.

Séguese a sesión co punto referente ás bases do concurso para a provisión de postos de traballo. En relación con este tema, D. Andrés Otero pregunta se estas bases van rexer tamén para a Policía Local. Dña Loreto Díaz contéstalle que estas bases soamente son para este concurso e aclara que non afectan á Policía Local.

Rematada a intervención de Dña Loreto Díaz, D. Roberto Tizón fai as seguintes consideracións:

- En primeiro lugar, é unha provisión exclusivamente de funcionarios. Exclúe o persoal laboral e non están de acordo con iso. Infrinxe a normativa vixente.
- Non está de acordo coa porcentaxe que supón cada un dos apartados. considérase excesivo.
- Propón primar mais a antigüidade e o grao consolidado, con respecto ao apartado de traballo desenvolvido.
- En relación cos cursos, ao manter a puntuación da titulación superior á requirida para o posto, pode suceder que quen non teña exceso de titulación non poida chegar ao máximo.
- Solicita unha maior ponderación da memoria.
- En relación á impartición de cursos, formula a queixa de que non a todo o mundo se lle ofrece impartir cursos e propón abrir unha lista, unha vez aprobado o plan de formación.

Dña Marina Lorenzo pregunta porque quitou o persoal laboral fixo do concurso. Dña Loreto Díaz contesta que os postos que salguen no concurso son postos reservados a funcionarios se ben se poderían engadir postos reservados a persoal laboral. Os representantes de CIG e CC.OO din que se refiren aos postos de funcionarios que están sendo ocupados por persoal laboral. Dña Loreto Díaz contéstalles que a ese persoal laboral primeiro hai que funcionarizarlo.

Dña Marina Lorenzo expón que neste concello se asinou un acordo no ano 2002 que recolleu a funcionarización. Por unha serie de razóns, adiantáronse outras cuestións e realizáronse antes que a funcionarización. Tíñase que facer antes. Hanse postos a laborais en postos de funcionarios e non se lles deu a opción de funcionarizarse.

Dña Obdulia Tabodela contéstalle que xa se lles vai dar esa opción. A funcionarización é o seguinte. Pero iso non impide facer o concurso. O primeiro é o concurso, o máis urxente, e a continuación, inmediatamente a funcionarización. De tódolos xeitos, formula elevar á asesoría xurídica municipal o tema de incluír o persoal laboral no concurso en relación a postos reservados a funcionarios. Seguidamente, Dña Obdulia Taboadela pregunta se hai algunha cuestión máis en relación co concurso ao que ninguén responde. Para rematar con este punto da orde do día, a Sra. Presidenta manifesta que o Xefe de Servizo de Persoal dará unha volta ás alegacións sinaladas polos sindicatos, revisando as porcentaxes sen cambiar a filosofía das bases.

A continuación pásase á quenda de rogos e preguntas:

- CSI-CSIF: Pregunta sobre as alegacións realizadas ás bases específicas ao obxecto de facilitar a promoción interna e propón que o que defina a promoción sexa o concurso. Dña Loreto Díaz contéstalle que hai que ver todas as convocatorias no seu conxunto, cando se remitan todas ás seccións sindicais e ese será o momento para matizar o que se pode facer.
- D. Roberto Tizón manifesta, en relación aos dous expedientes disciplinarios abertos, que non existen criterios para incoar expedientes disciplinarios no concello porque a unhas persoas se lles incoa e a outras non. En relación a iso, comunica que a CIG vai facer unha campaña contra o mobbing no Concello de A Coruña para identificar estas condutas. A devandita campaña vaise facer como CIG porque lle están chegando noticias de que xefes ou grupos de persoas próximas ás xefaturas están a realizar condutas que poden incorrer en mobbing.
- D. Manuel Aceña manifesta que o expediente disciplinario aberto a D. Gabriel Rodríguez Gutiérrez non axuda a normalizar a situación. Manifesta que están a esperar a incoación dun expediente disciplinario a un suboficial de bombeiros polos feitos acaecidos no seu despacho e a execución da sentenza do cabo do SEIS. Dña Obdulia Taboadela contéstalle que a execución da sentenza se levará a cabo cando chegue o expediente da firmeza da sentenza dende o xulgado.
- D. Javier Hermida pregunta se lles consta ao goberno municipal que unha persoa estaba borracha no parque de bombeiros. Dña Obdulia Taboadela contéstalle que non lle consta, que non coñece eses feitos.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas, pola Sra. Presidenta levántase a sesión, do que eu, secretaria, dou fe.